ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013771	Fontecarmoa	Vilagarcía de Arousa	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CMSSC01	Atención a persoas en situación de dependencia	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0020	Primeiros auxilios	2024/2025	2	53	53

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	CRISTINA EIROA SOUSA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O Decreto 226/2012, do 18 de outubro, establece o currículo do Ciclo Formativo de Grao Medio correspondente ao título de Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia. O título de técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia identifícase polos seguintes elementos:

- Denominación: atención a persoas en situación de dependencia.
- Nivel: formación profesional de grao medio.
- Duración: 2.000 horas.
- Familia profesional: Servizos Socioculturais e á Comunidade.
- Referente europeo: CINE-3b (Clasificación Internacional Normalizada da Educación).

Este deseño curricular corresponde ao módulo profesional PRIMEIROS AUXILIOS do 2º curso do Ciclo Medio ATENCIÓN A PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA, que pertence á Familia Profesional SERVIZOS SOCIOCULTURAIS E Á COMUNIDADE, impartido no CIFP Fontecarmoa (Vilagarcía de Arousa).

O perfil profesional do título de técnico en atención a persoas en situación de dependencia determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.

A competencia xeral deste título consiste en atender as persoas en situación de dependencia no ámbito domiciliario e institucional, co fin de manter e mellorar a súa calidade de vida, realizando actividades asistenciais e non asistenciais, psicosociais e de apoio á xestión doméstica, aplicando medidas e normas de prevención e seguridade, e derivándoas a outros servizos en caso necesario.

As competencias profesionais, persoais e sociais deste título son as que se relacionan:

a) Determinar as necesidades asistenciais e psicosociais da persoa en situación de dependencia mediante a interpretación da información obtida acerca da persoa a través do plan de atención individual, respectando a súa confidencialidade.

b) Organizar as actividades de atención ás persoas en situación de dependencia, favorecendo a súa colaboración e a da familia, e tendo en conta as directrices establecidas no plan de atención individualizada.

c) Realizar as tarefas de hixiene persoal e vestidura das persoas en situación de dependencia, achegando a axuda precisa, favorecendo ao máximo a súa autonomía nas actividades da vida diaria e mantendo cara a elas unha actitude de respecto e profesionalidade.

d) Organizar a intervención relativa á alimentación, supervisando os menús, preparando os alimentos e administrándoos en caso necesario.

e) Xestionar a documentación básica e o orzamento da unidade de convivencia, cun óptimo aproveitamento dos recursos e asegurando a viabilidade da xestión económica.

f) Realizar as actividades de mantemento e limpeza do domicilio, garantindo as condicións de habitabilidade, hixiene e orde, con criterios de calidade, seguridade e coidado do ambiente e, de ser o caso, tramitando a documentación pertinente.

g) Realizar as intervencións relacionadas co estado físico das persoas en situación de dependencia, seguindo as pautas establecidas e amosando en todo momento respecto pola súa intimidade.

h) Realizar os traslados, as mobilizacións e o apoio á deambulación das persoas en situación de dependencia, empregando os protocolos e as axudas técnicas necesarias, seguindo as pautas marcadas no plan de atención individual (PAI) e adoptando medidas de prevención e seguridade.

i) Aplicar medidas de prevención e seguridade tanto para as persoas en situación de dependencia como para o persoal profesional, en distintos ámbitos de intervención.

j) Dar resposta a situacións de emerxencia e risco para a saúde no desenvolvemento da actividade profesional, aplicando técnicas de primeiros auxilios.

k) Pór en práctica intervencións de apoio psicosocial, empregando axudas técnicas, apoios de comunicación e tecnoloxías da información e da comunicación, e seguindo as pautas marcadas no plan de atención

individual.

l) Aplicar técnicas e estratexias para o mantemento e o desenvolvemento das habilidades de autonomía persoal e social das persoas en situación de dependencia, empregando axudas técnicas e de comunicación consonte as pautas marcadas no plan de atención individual.

m) Realizar tarefas de acompañamento e asistencia persoal, respectando as directrices do plan individual de vida independente e as decisións da persoa usuaria.

n) Asesorar persoas en situación de dependencia, familiares e persoal coidador non formal, proporcionándolles pautas de actuación no coidado e na atención asistencial e psicosocial, e adecuando a comunicación e as actitudes ás características das persoas interlocutoras.

ñ) Resolver as continxencias con iniciativa e autonomía, amosando unha actitude autocrítica e procurando alternativas para favorecer o benestar das persoas en situación de dependencia.

o) Colaborar no control e no seguimento das actividades asistenciais, psicosociais e de xestión domiciliaria, cubrindo os rexistros oportunos, manexando as aplicación informáticas do servizo e comunicando as incidencias detectadas.

p) Xestionar as chamadas entrantes e saíntes do servizo de teleasistencia, recibíndoas e emitíndoas segundo os protocolos establecidos, utilizando aplicación informáticas e ferramentas telemáticas.

q) Adaptarse ás novas situacións laborais orixinadas por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos, actualizando os seus coñecementos, utilizando os recursos existentes para a aprendizaxe ao longo da vida e as tecnoloxías da información e da comunicación.

r) Actuar con responsabilidade e autonomía no ámbito da súa competencia, organizando e desenvolvendo o traballo asignado, e cooperando ou traballando en equipo con diferentes profesionais no contorno de traballo.

s) Resolver de xeito responsable as incidencias relativas á súa actividade, e identificar as súas causas, dentro do ámbito da súa competencia e da súa autonomía.

t) Comunicarse eficazmente, respectando a autonomía e competencia das persoas que interveñen no ámbito do seu traballo.

u) Aplicar os protocolos e as medidas preventivas de riscos laborais e protección ambiental durante o proceso produtivo, para evitar danos nas persoas, no contexto laboral e no ambiente.

v) Aplicar procedementos de calidade e de accesibilidade e deseño universais nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos.

w) Realizar a xestión básica para a creación e o funcionamento dunha pequena empresa, e ter iniciativa na súa actividade profesional.

x) Exercer os dereitos e cumprir as obrigas derivadas da actividade profesional, de acordo co establecido na lexislación vixente, participando activamente na vida económica, social e cultural.

A presente programacion corresponde ao módulo profesional de PRIMEIROS AUXILIOS dirixidas a persoas con necesidades de atención sociosanitaria.

Os contidos e actividades de ensino-aprendizaxe van encamiñados a que o alumnado obteña as competencias que lle acrediten a desenvolver a súa actividade profesional no sector de servizos ás persoas, de carácter asistencial, psicosocial e de apoio á xestión doméstica. De maneira específica, as ocupacións e os postos de traballo máis salientables que poderán desenvolver, son os seguintes:

- Coidador/a de persoas en situación de dependencia en institucións e/ou domicilios.
- Coidador/a en centros de atención psiquiátrica.
- Xerocultor/a.
- Gobernante/a e subgobernante/a de persoas en situación de dependencia en institucións.
- Auxiliar responsable de planta de residencias de maiores e persoas con discapacidade.
- Auxiliar de axuda a domicilio.
- Asistente de atención domiciliaria.

- Traballador/a familiar.
- Auxiliar de educación especial.
- Asistente persoal.
- Teleoperador/a de teleasistencia

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Introducción aos primeiros auxilios	Concepto de primeiros auxilios. Botiquín. Valoración primaria e secundaria.	9	15
2	Parada cardiorrespiratoria, asfixia, desvanecemento e convulsións	Fundamentos e protocolos de actuación en parada cardiorrespiratoria, asfixia, desvanecemento e convulsións	17	30
3	Lesións do aparello locomotor: fracturas e luxacións	Protocolos de actuación en fracturas y luxaciones	9	20
4	Lesións da pel e tecidos	Protocolos de actuación en caso de hemorraxias, feridas, picaduras e mordidas e queimaduras.	10	20
5	Estratexias de comunicación e técnicas de apoio psicolóxico e autocontrol	Detección de necesidades psicolóxicas, técnicas de autocontrol, técnicas básicas de soporte psicolóxico e técnicas para superar o fracaso na prestación do auxilio.	8	15

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Introducción aos primeiros auxilios	9

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza a valoración inicial da asistencia nunha urxencia e describe os riscos, os recursos dispoñibles e o tipo de axuda necesaria.	NO
RA2 - Aplica e describe as técnicas de soporte vital básico en relación co obxectivo perseguido.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Asegurouse a zona segundo o procedemento oportuno.
CA1.1.1 Estableceuse a aseguración da zona segundo o procedemento oportuno.
CA1.2 Identificáronse as técnicas de autoprotección na manipulación de persoas accidentadas.
CA1.3 Describiuse o contido mínimo dunha caixa de urxencias, así como as indicacións dos produtos e dos medicamentos.
CA1.4 Establecéronse as prioridades de actuación en múltiples vítimas.
CA1.5 Describíronse os procedementos para verificar a permeabilidade das vías aéreas.
CA1.6 Identificáronse as condicións de funcionamento adecuadas da ventilación e da osixenación.
CA1.8 Describíronse procedementos para comprobar o nivel de consciencia.
CA1.9 Tomáronse as constantes vitais.
CA1.9.1 Tomáronse as constantes vitais.
CA1.9.2 Interpretáronse os valores obtidos na toma das constantes vitais.
CA1.11 Entendeuse o concepto de primeiros auxilios, identificando os seus obxectivos e os seus límites.
CA2.6 Indicáronse as lesións, as patoloxías e os traumatismos máis frecuentes.
CA2.7 Describiuse a valoración primaria e secundaria da persoa accidentada.

4.1.e) Contidos

Contidos
Sistemas de emerxencias.

Contidos
0Signos e síntomas de urxencia.
Valoración do nivel de consciencia.
Toma de constantes vitais.
Protocolos de exploración.
Terminoloxía médico-sanitaria en primeiros auxilios.
Protocolo de transmisión da información.
Obxectivos e límites dos primeiros auxilios.
Marco legal, responsabilidade e ética profesional.
Tipos de accidentes e as súas consecuencias.
Signos de compromiso vital en persoas adultas, en nenos e nenas, e en lactantes.
Métodos e materiais de protección da zona.
Medidas de autoprotección.
Caixa de primeiros auxilios.
Prioridades de actuación en múltiples vítimas. Métodos de triaxe simple.
Valoración da persoa accidentada.
Actuación limitada ao marco das súas competencias.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Parada cardiorrespiratoria, asfixia, desvanecemento e convulsións	17

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza a valoración inicial da asistencia nunha urxencia e describe os riscos, os recursos dispoñibles e o tipo de axuda necesaria.	NO

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Aplica e describe as técnicas de soporte vital básico en relación co obxectivo perseguido.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.10 Identificouse a secuencia de actuación segundo protocolo establecido polo comité de coordinación internacional sobre a reanimación (ILCOR).
CA2.1 Describíronse os fundamentos da reanimación cardiopulmonar.
CA2.2 Aplicáronse técnicas de apertura da vía aérea.
CA2.3 Aplicáronse técnicas de soporte ventilatorio e circulatorio.
CA2.4 Realizouse desfibrilación externa semiautomática (DEA).
CA2.5 Aplicáronse medidas posreanimación.
CA2.5.1 Describíronse medidas posrreanimación.
CA2.9 Aplicáronse primeiros auxilios ante patoloxías orgánicas de urxencia.
CA2.9.1 Aplicáronse primeiros auxilios ante asfixia.
CA2.9.2 Aplicáronse primeiros auxilios ante desvanecementos.
CA2.9.3 Aplicáronse primeiros auxilios ante convulsións.
CA2.11 Comparouse o soporte vital básico entre adultos e nenos, describindo as diferenzas existentes.

4.2.e) Contidos

Contidos
Control da permeabilidade das vías aéreas.
Reanimación cardiopulmonar básica.
Desfibrilación externa semiautomática (DEA).
Atención inicial en patoloxía orgánica de urxencia.
Atención inicial en asfixia, desvanecementos e convulsións.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Lesións do aparello locomotor: fracturas e luxacións	9

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Aplica e describe as técnicas de soporte vital básico en relación co obxectivo perseguido.	NO
RA3 - Aplica procedementos de inmobilización e mobilización de vítimas, e selecciona os medios materiais e as técnicas.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.8 Aplicáronse primeiros auxilios ante lesións por axentes físicos, químicos e biolóxicos.
CA2.8.1 Aplicáronse primeiros auxilios ante fracturas e luxacións.
CA2.10 Especificáronse casos ou circunstancias en que non se deba intervir.
CA3.1 Efectuáronse as manobras necesarias para acceder á vítima.

Criterios de avaliación
CA3.1.1 Describíronse as maniobras necesarias para acceder á víctima.
CA3.2 Identificáronse os medios materiais de inmobilización e de mobilización.
CA3.3 Caracterizáronse as medidas posturais ante unha persoa lesionada.
CA3.4 Describíronse as repercusións dunha mobilización e dun traslado inadecuados.
CA3.5 Confeccionáronse sistemas para a inmobilización e a mobilización de persoas doentes ou accidentadas con materiais convencionais e inespecíficos, ou medios de fortuna.

4.3.e) Contidos

Contidos
Atención inicial en lesións por axentes físicos (traumatismos, calor ou frío, electricidade e radiacións).
Atención inicial en fracturas e luxacións.
Repercusións de movilizacións e traslados inadecuados.
Maniobras de acceso á victima.
Avaliación da necesidade de traslado.
Posicións de seguridade e espera.
Técnicas de inmobilización.
Técnicas de mobilización.
Confección de padiolas e materiais de inmobilización.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Lesións da pel e tecidos	10

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza a valoración inicial da asistencia nunha urxencia e describe os riscos, os recursos dispoñibles e o tipo de axuda necesaria.	NO
RA2 - Aplica e describe as técnicas de soporte vital básico en relación co obxectivo perseguido.	NO
RA3 - Aplica procedementos de inmobilización e mobilización de vítimas, e selecciona os medios materiais e as técnicas.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.7 Describíronse e executáronse os procedementos de actuación en caso de hemorraxia.
CA1.7.1 Describíronse os procedementos de actuación en caso de hemorraxia.
CA1.7.2 Executáronse os procedementos de actuación en caso de hemorraxia.
CA2.8 Aplicáronse primeiros auxilios ante lesións por axentes físicos, químicos e biolóxicos.
CA2.8.2 Aplicáronse primeiros auxilios ante feridas.
CA2.8.3 Aplicáronse primeiros auxilios ante queimaduras.
CA2.8.4 Aplicáronse primeiros auxilios ante picaduras e mordidas.
CA3.6 Aplicáronse normas e protocolos de seguridade e de autoprotección.

4.4.e) Contidos

Contidos
Normas e protocolos de seguridade e autoprotección.
Atención inicial en lesións por axentes físicos (traumatismos, calor ou frío, electricidade e radiacións).
Atención inicial en queimaduras.

Contidos
Atención inicial en lesións por axentes químicos e biolóxicos.
Atención inicial en feridas, picaduras e mordidas.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Estratexias de comunicación e técnicas de apoio psicolóxico e autocontrol	8

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Aplica técnicas de apoio psicolóxico e de autocontrol á persoa accidentada e ás acompañantes, e describe as estratexias de comunicación aplicadas.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Describíronse as estratexias básicas de comunicación coa persoa accidentada e coas acompañantes.
CA4.2 Detectáronse as necesidades psicolóxicas da persoa accidentada.
CA4.3 Aplicáronse técnicas básicas de soporte psicolóxico para mellorar o estado emocional da persoa accidentada.
CA4.3.1 Identificáronse as técnicas básicas de soporte psicolóxico para mellorar o estado emocional da persoa accidentada.
CA4.4 Valorouse a importancia de lle infundir confianza e optimismo á persoa accidentada durante toda a actuación.
CA4.5 Identificáronse os factores que predispoñen á ansiedade nas situacións de accidente, emerxencia e dó.
CA4.6 Especificáronse as técnicas para controlar unha situación de dó, ansiedade, angustia ou agresividade.
CA4.7 Especificáronse as técnicas para superar psicoloxicamente o fracaso na prestación do auxilio.

Criterios de avaliación
CA4.8 Valorouse a importancia do autocontrol ante situacións de estrés.
CA4.9 Detectáronse as necesidades psicolóxicas dos acompañantes da persoa accidentada.

4.5.e) Contidos

Contidos
Técnicas básicas de soporte psicolóxico e autocontrol.
Necesidades psicolóxicas da víctima e dos acompañantes.
Estratexias básicas de comunicación.
Valoración do papel do primeiro interveniente.
Técnicas facilitadoras da comunicación interpersoal.
Factores que predispoñen á ansiedade en situacións de accidente ou emerxencia.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Co obxecto de avaliar ó alumnado, emitirase unha cualificación trimestral para o informe de avaliación correspondente, que será a media ponderada das cualificacións obtidas ó longo do trimestre nas distintas unidades didácticas que foran rematadas.
Para avaliar se se acadou a avaliación positiva da UD dispoñerase dunha serie de instrumentos de avaliación, uns serán probas escritas de contidos teóricos, táboas de observación na realización dos procedementos e listas de cotexo nos traballos escritos.
1. Probas escritas (PE): na UD farase un exame escrito no que a/o alumna/o poderá atopar preguntas de contidos conceptuais e procesos, preguntas tipo test de resposta única ou de verdadeiro ou falso.
2. Escalas de valoración: táboas de observación, aplicadas na avaliación das probas de simulacros e procedementos prácticos e listas de cotexo, aplicadas ós exercicios entregados polo alumnado.

Nota nas avaliacións: será a media ponderada, segundo a porcentaxe que presenta cada UD, incluíndo as probas teóricas e as prácticas. Se o alumnado ten UD suspensas e a nota media das mesmas non acada o 5, deberá recuperar as UD suspensas e para superar a avaliación, o alumnado deberá acadar unha nota igual ou superior a 5 nas medias ponderadas das UD correspondentes.

1ªavaliación: UD 1 15% (15% probas prácticas, 7% traballos escritos e 78% exame teórico) e UD 2 30% (78% probas prácticas, 7% traballos escritos e 15% exame teórico).
2ºavaliación: UD 3 20% (20% probas prácticas, 20% traballos escritos e 60% exame teórico), UD 4 20% (80% probas prácticas e 20% exame teórico) e UD 5 15% (30% probas prácticas e 70% exame teórico).

Nota Final: será a media ponderada das UDs avaliadas nas diferentes avaliacións.
A cualificación será numérica, entre un e dez, sen decimais. Consideraranse positivas as puntuacións iguais ou superiores a 5. Se o primeiro decimal é igual ou superior a 5 a nota redondéase á alta (exemplo: un 5,58 quedará en 6). Se o primeiro decimal é inferior a 5 redondéase á baixa (exemplo: un 7,43 sería un 7). Para superar o módulo, a nota media debe ser igual ou superior a 5.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O carácter continuo da avaliación debe permitir, a detección precoz dos déficits na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, promover a identificación dos aspectos do proceso que provocan estes déficits e a adopción das medidas correctoras oportunas. No suposto de que estas medidas fosen insuficientes e algún alumno/a non superase o módulo, faranse actividades de recuperación no período previsto a tal fin pola normativa vixente. Estas actividades concretaranse para cada alumno/a tomando como referencia os obxectivos xerais do módulo e os contidos non adquiridos. Por outra banda, as actividades de recuperación terán un carácter marcadamente global e individualizado e incluirán as modificacións metodolóxicas pertinentes para facilitar que o alumno/a poida alcanzar os niveis mínimos esixidos.

Nos días previos a data de cada unha das avaliacións o profesor establecerá unha data para que aqueles alumnos, que por causa debidamente xustificada, non puidesen realizar unha ou máis probas de avaliación na mesma data cós seus compañeiros, poidan realizala.

Aínda que a avaliación é continua, para facilitar o traballo de alumno, en cada unha das avaliacións traballaranse unhas UDs concretas. No caso de UD suspensas e se a nota media non acada o 5, o alumnado deberá recuperar as UD suspensas, así, as actividades de recuperación consistirán en cubrir un cuestionario sobre os contidos teóricos non superados e a repetición práctica das técnicas non superadas. Por tanto, se o final de cada trimestre non se acadase unha nota media de 5, o alumnado poderá repetir aquelas probas teóricas e/ou prácticas de puntuación inferior á fin de acadar a nota mínima de aprobado nunha data previa a cada unha das avaliacións que corresponda.

Se o final da segunda avaliación non se acadase unha nota media final igual ou superior a 5, o alumnado poderá recuperalos nunha proba teórico-práctica antes de avaliación final de xuño ou antes da segunda avaliación, sendo só posible escoller unha das opcións, para poder cursar o módulo FCT. Esta proba final de recuperación estará organizada por UDs.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Aqueles alumnos que perdesen o dereito a avaliación continua, deberán realizar no momento que a normativa especifica unha proba extraordinaria que constará dunha batería de preguntas curtas sobre os contidos teóricos, e unha proba práctica, de desenvolvemento dos procedementos, sobre as actividades realizadas durante o curso.
Esta proba extraordinaria constará dunha parte teórica e unha parte práctica, respectando as ponderacións dos diferentes CAs. Estas probas serán puntuadas de 0 a 10 puntos, o alumno deberá acadar a lo menos un 5 de media para a superación do módulo.

Estas condicións son as mesmas que se lle piden ao alumnado que realizou o curso de xeito continuo.

O alumnado que perda o dereito de avaliación continua ten dereito a seguir asistindo ás clases como oínte, adaptándose ó ritmo de traballo, non afectando a súa situación particular ao desenvolvemento das clases.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Nas reunións do departamento informarase regularmente do desenvolvemento da programación e as posibles incidencias. O seguimento da programación será documentada por cada docente no modelo Seguimento da programación (MD.75.PRO.03) dando conta mensualmente nas reunións de equipo docente nas que se presentará o devandito documento.
Ó final de curso cada docente realizará a Memoria final do módulo segundo o modelo establecido (MD.75.PRO.04) na que se incluirán tódalas propostas de mellora feitas durante o curso e que servirán como base para a elaboración das programacións do vindeiro curso.
Ademáis realizarase a avaliación final desta programación didáctica, na que se anotarán todas as incidencias acaecidas ao longo do mesmo.
Os procedementos e instrumentos existentes para avaliar a práctica docente son: cuestionarios ós alumnos (de forma oral ou escrita), intercambios orais (pais e/ou alumnos), e os resultados do proceso de aprendizaxe dos alumnos.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo das actividades do ciclo formativo, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.
Nesta sesión, a persoa titora dará a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas, ou persoais con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñen.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

As medidas de reforzo proporanse segundo as necesidades detectadas no alumno, en conxunto có titor e mais có departamento de orientación.

Estas medidas permitirán concretar e relacionar os diversos contidos, consolidado os coñecementos básicos que pretendo acaden os meus alumnos/as. Entre elas están:

- As explicacións individualizadas,
- A elaboración de esquemas sinxelos,
- Traballos que busquen a concreción do esencial,
- Repetición de supostos, técnicas, etc.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Este módulo xa implica de por si mesmo a educación en valores, dado os contidos que se tratan. Ademais na clase potenciaranse valores de respecto, tolerancia, compañeirismo, igualdade e non discriminación.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades programaranse de acordo có equipo docente para buscar un aproveitamento transversal da actividade. En xeral terán como obxectivo o acercamento do alumnado ó mundo laboral.

10.Outros apartados

10.1) Normas para a realización das probas

Como normativa do centro, durante o desenvolvemento das clases non se permitirá o uso de teléfonos móbiles nin ningún outro dispositivo electrónico agás no caso de que se requira a petición do docente para a realización dalgunha tarefa, que deberán permanecer gardados durante as mesmas.

Cando un alumno interrompa o normal funcionamento da clase ou non atenda as chamadas de orde do profesor será amoestado e iniciarase o protocolo de actuación ante condutas leves contrarias á convivencia.